É por todo isto que como **veciñanza eumesa e defensores/as da cultura galega estamos en débeda con Ramiro Fonte** e, despois de se cumpriren máis de dez anos da morte do escritor, falecido no ano 2008, presentamos esta moción para propolo figura meritoria para ser homenaxeada e recoñecida no Día das Letras Galegas. Lembrando eses versos do seu poema «O cazador furtivo» pertencente ao libro Luz do mediodía (1995), reflectidos no seu recoñecemento na placa da súa casa natal, queremos amar unha vez máis o seu corazón e o seu quefacer literario-cultural reivindicando a condición de autor das Letras Galegas:

*Ama o meu corazón porque aínda
comprender un xardín abandonado,
a luz do mar que trae os vagos lonxes,
a brétema que borra os pasos, esa luz.*

A nivel cultural, social e político o Concello de Ponte deume debe emprender un labor de concienciación e sensibilización, unindo vontades. Damos como exemplo a seguir a campaña que levou a cabo “a sociedade civil” ferrolá para conseguir o “ano Carvalho Calero”. Propoñemos algunhas iniciativas:

1. **Difusión pública dun manifesto para que a sociedade civil** (entidades culturais, persoas a título individual, institucións públicas....) **poda adherirse á iniciativa**
2. Creación dunha **Comisión pro Ramiro Fonte**. Formada por membros do Concello, entidades, amig@s, etc



3. Reunións coa familia, coa RAG, ILG, Universidades, etcétera, para que apoiem a iniciativa.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra a Sra. Rocío Souto**, comenta que é a segunda vez que presentan a moción, hai algunhas cousas que non se anunciaron nesta Comisión, pola concelleira, e non se tivo en conta ó resto da familia, só aos herdeiros. Se pode ser, gustaríalle que lle explicasen que contactos mantiveron coa familia.

- **Toma a palabra a Sra. Ángela Piñeiro**, fai un relato das cousas que se fixeron, o cal se transcribe:

“Recordamos que xa no pleno de do 31 de maio de 2016, cando apenas levábamnos un ano no goberno, o grupo popular xa presentara unha moción similar que foi aprobada cando todavía non habían transcurrido os 10 anos preceptivos desde o seu falecemento para optar ao galardón.

Anteriormente a esta data foron múltiples as iniciativas organizadas desde o Concello, co obxectivo de acadar o impulso, concienciación e difusión da súa obra como a exposición acerca da figura do poeta e a distribución de libros entre rapazas e rapaces realizada na Biblioteca Municipal ou o Concerto Homenaxe de Víctor Aneiros, ámbos celebrados en 2015.

No ano 2017 acadouse a finalización do expediente de outorgamento de honras e distincións da concesión do nome de Ramiro Fonte á Biblioteca Pública Municipal de Pontedeume. Por outra banda, o Concello colaborou na presentación da reedición do libro “As cidades da Nada” e na exposición fotográfica “Unha mirada a Pontedeume desde os ollos de Ramiro Fonte, ademais de organizar o recital homenaxe que aunou a poetas e entidades escolares e que tivo lugar na Praza de San Roque.

Ao longo do ano 2019 mantivéronse contactos con membros da Real Academia Galega e durante o ano 2020 tivéronse conversas con membros doutras comisións anteriores, figuras relevantes da cultura galega e integrantes doutros concellos que teñen impulsado procesos similares e que nos aconsellaron e aportaron a súa visión sobre cal sería o mellor camiño a seguir.

Como saberán os pasados días constituíuse a Comisión “Letras Galegas para Ramiro Fonte”, unha comisión que nace co obxectivo de elaborar un manifesto que saliente a obra do escritor eumés e a súa figura literaria, ademais desta labor, a comisión realizará un calendario anual de actividades para dar a coñecer o autor entre todos os eidos da sociedade eumesa e galega.

O Concello de Pontedeume, como non podía ser doutro xeito, apoia esta iniciativa tanto economicamente como na difusión, promoción e divulgación do manifesto a redactar por esta

Hai que ter en conta que son procesos lentos cunha importante carga de traballo e que se poden demorar no tempo, polo que consideramos que o Concello non debe pertencer a dita comisión xa por un principio de independencia que estimamos imprescindible para acadar os máximos apoios posibles dun xeito transversal, á marxe de criterios que non sexan os puramente literarios e de recoñecemento a obra e á figura de Ramiro Fonte .

Por este motivo e dado que as propostas presentadas na súa moción son accións xa levadas a cabo ou en proceso de realización instamos á retirada da mesma coa intención de non seguir politizando esta iniciativa que transcende o mundo da política, da cultura e da nosa vila”

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra a Sra. Rocio Souto**, pregunta se para formar parte da Comisión, non se falou coa familia, pois os herdeiros dos royalties, non son os únicos familiares, tamén pregunta quen tomou a decisión da formación da Comisión?, a Sra. Ángela Piñeiro responde que falouse cos herdeiros.

- **Toma a palabra a Sra. Alejandra Bellón**, comenta que e imposible falar con todos os herdeiros, nas respostas que deron ás preguntas do BNG deste Pleno, xa ven explicado como se conformou a Comisión, foron eles quen decidiron a súa composición. O traballo do concello é promover a figura de Ramiro Fonte, e apoiar a Comisión, non nos corresponde falar con todos os herdeiros de Ramiro.

- **Toma a palabra a Sra. Rocío Souto**, explica que ela non se refería a toda a familia. Pensa que é unha Comisión pobre, van a quedar moitas cousas sen profundizar.

- **Toma a palabra a Sra. Alejandra Bellón**, comenta que non se pode criticar unha cousa que aínda non se fixo, hai que deixar traballar. A iniciativa vai supoñer un beneficio para toda a Vila, poñer o nome de Ponte deume no mapa a nivel internacional, merece a pena o seu apoio.

- **Toma a palabra a Sra. Rocío Souto**, dexesa que non haia ningún entorpecemento persoal na Comisión.

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes**, pensa que se está politizando o tema, toda a Vila de Ponte deume ten dereito a expoñer o que queira de Ramiro Fonte, esta moción xa a trouxo o BNG, e o Partido Popular no 2016, de seguido afirma que é esaxerado que o BNG marcara un prazo, na anterior moción presentada. Considera que é necesario deixar traballar á Comisión. Finalmente pide a retirada da moción do Pleno.

- **Toma a palabra a Sra. Rocío Souto**, pregunta se o manifestado vano elaborar a Comisión, a Sra. Ángela Piñeiro responde afirmativamente. A Sr. Rocío Souto, comenta que retiran a moción, pero iso non significa que nun futuro non volvan a presentar outra.

- **Toma a palabra o Sr. Luis Ángel Díaz**, está de acordo co que di o Grupo Socialista, parécelle ben que non se politice. Agora o que hai que facer é deixar pasar o tempo, no 2016 xa estaba aprobada a moción. O Grupo Popular vai estar apoiando no que faga falta.

- **Toma a palabra a Sra. Rocio Souto**, afirma que a intención non é politizar, nin entrar en debates familiares.

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes**, agradece ós grupos a retirada da moción.

Por UNANIMIDADE dos asistentes ACORDAN a retirada da moción da orde do día.

9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCADÍA-PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:



“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29/04/2021

(Expediente TEdC: 2020/G006/000077)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **179.2021** de 22 de marzo ao **243.2021** de 21 de abril de 2021, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000191	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25/03/2021	000179/2021	22-03-2021 13:48
2021/G003/000187	EXPEDIENTE DE DECRETO DE INICIO DE PROCEDIMIENTO SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000021961	000180/2021	22-03-2021 13:48
2021/G003/000194	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DE ACCESO AO BARREIRO (POS+ ADICIONAL 2018)"	000181/2021	24-03-2021 13:50
2021/G003/000162	TESOURERIA - SEGUROS SOCIAIS FEBREIRO 2021	000182/2021	24-03-2021 13:48
2021/G003/000197	ENTRADAS TURISMO OUTUBRO + novembro 2020	000183/2021	24-03-2021 13:48
2021/G003/000192	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA DA OBRA "PAVIMENTACIÓN CAMIÑO VELLO (POS+ ADICIONAL 2018)"	000184/2021	24-03-2021 14:13
2021/G003/000195	RENOVACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN CENTROÑA (POS+ 2017 ADICIONAL)	000185/2021	24-03-2021 14:13
2021/G003/000188	ACHEGA RECURSO DE REPOSICION COTRA RESOLUCION DE DENEGACION DE GASTOS POR ASISTENCIA A CURSO NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE, DONA ALBA PEREZ VAZQUEZ	000186/2021	24-03-2021 14:13
2021/G003/000185	ACHEGA RECURSO DE REPOSICION COTRA RESOLUCION DE DENEGACION DE GASTOS POR ASISTENCIA A CURSO NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE. DON FERMIN ALEJANDRO NAVARRINA KING	000187/2021	24-03-2021 14:14
2021/G003/000200	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25/03/2021.	000188/2021	24-03-2021 15:00
2021/G003/000134	APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO	000189/2021	25-03-2021

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	CONCELLO DE PONTEDEUME		14:46
2021/G003/000170	Decreto Resolución Convocatoria Subvencións por concorrencia competitiva a entidades deportivas 2020	000190/2021	25-03-2021 14:47
2021/G003/000204	ENCOMENDA DE DEFENSA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000927/2020, DEMANDANTE DANIEL REGUEIRO LÓPEZ.	000191/2021	25-03-2021 14:47
2021/G003/000205	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL DE EVA M ^a GUERRERO RICO OS DÍAS 29, 30 E 31 DE MARZO DE 2021.	000192/2021	25-03-2021 14:47
2021/G003/000206	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO "REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DO EDIFICIO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE PONTEDEUME" (IDA E 2020)	000193/2021	25-03-2021 14:48
2021/G003/000199	PERSONAL-INCIDENCIAS NÓMINA MES DE MARZO DE 2021.	000194/2021	26-03-2021 13:43
2021/G003/000202	RESOLUCIÓN PAGO NÓMINA MES DE MARZO DE 2021.	000195/2021	26-03-2021 13:43
2021/G003/000171	TESOURERIA- EXPEDIENTE DE CONVALIDACION DE AUTOLIQUIDACIÓN DO ICIO E DATA DA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE MUNICIPAL TÉCNICA, ADMINISTRATIVA DE VERIFICACIÓN DOS ACTOS DE EDIFICACIÓN E USO DO SOLO.	000196/2021	26-03-2021 14:00
2021/G003/000210	Aprobación altas e baixas de persoas usuarias do Programa de Conciliación da vida persoal, familiar e llaboral "Madrugadoras/Madrugadores" curso 2020/2021	000197/2021	26-03-2021 14:31
2021/G003/000207	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E Nº 2 DA OBRA - MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA ESTRADA VELLA- POS + 2019.	000198/2021	29-03-2021 14:15
2021/G003/000193	PERSONAL-CONTRATACIÓN LABORAL SUBSTITUCIÓN CONDUCTOR POR IT-JUAN ANTONIO DÍAZ FERNÁNDEZ.	000199/2021	29-03-2021 14:10
2021/G003/000213	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº2 E FINAL ACTUACIÓN NO PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME - REHABILITACIÓN DE FONTE E LAVADOIRO EN A GRAÑA.	000200/2021	30-03-2021 12:54
2021/G003/000212	XUSTIFICACIÓN FINAL DO INVESTIMENTO DE REHABILITACIÓN LAVADOIRO E FONTE NO LUGAR DE A GRAÑA.	000201/2021	30-03-2021 15:07
2021/G003/000006	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO CONTIDO NA DA OBRA "CONSERVACIÓN DO CASTELO DE ANDRADE" (POS +2019)	000202/2021	31-03-2021 11:26



	(2020/C003/000003)		
2021/G003/000209	Tramitación de Decretos TESOURERIA - RECOÑECEMENTO E POSTERIOR PAGAMENTO CUSTOS MANTEMENTO AVAIS CONSULTORA GALEGA,S.L.U. SENTENZA Nº 00175/19 -PA Nº 18-18	000203/2021	31-03-2021 13:36
2021/G003/000214	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/4	000204/2021	31-03-2021 13:36
2021/G003/000215	RELACIÓN DE FACTURAS RECOÑEC. EXTR. CRÉDITO F/2021/5	000205/2021	31-03-2021 13:36
2021/G003/000211	Aprobación das datas de realización do Curso de Formación de Monitoras e Monitores de Actividades de Tempo Libre 2021	000206/2021	26-03-2021 16:12
2021/G003/000203	CONTA XUSTIFICATIVA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	000207/2021	26-03-2021 16:12
2021/G003/000216	COMISIÓN DE SERVIZOS ENTRE FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE DISTINTA CORPORACIÓN LOCAL PARA DIFERENTES PRAZAS DE POSTOS	000208/2021	06-04-2021 13:18
2021/G003/000201	RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE ALEGACIONES EXP. SANCIONADOR DE TRÁFICO DR 17602/2020	000209/2021	07-04-2021 10:35
2021/G003/000221	PO 38/2021 COMERCIALIZADORA REGULADA GAS &POWER CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME ORDENAN REMISION DE DOCUMENTACION PSS MEDIDAS CAUTELARES 38/2021	000210/2021	07-04-2021 10:33
2021/G003/000172	PAGAMENTO DE CUSTAS PROCEDUREMTO RECURSO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO -PA PROCEDUREMTO ABREVIADO 0000140/2020 - R- DE AXA SEGUROS GENERALES CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (Expediente: 2020/P001/000012)	000211/2021	07-04-2021 10:33
2021/G003/000222	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL, JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ O DÍA 07.04.2021	000212/2021	07-04-2021 10:33
2021/G003/000224	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 08.04.2021	000213/2021	07-04-2021 13:45
2021/G003/000226	DELEGACIÓN ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023	000214/2021	07-04-2021 18:47
2021/G003/000217	SOLICITUDE DE RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000215/2021	09-04-2021 11:11
2021/G003/000219	Solicitud subvención de Igualdade da Xunta de Galicia 2021	000216/2021	09-04-2021 12:44
2021/G003/000232	PERSOAL-CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL, PEL REACTIVA 2021	000217/2021	09-04-2021 14:02
2019/G003/000766	CADUCIDADE E ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE LICENZAS	000218/2021	09-04-2021

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	DE OBRAS MENORES		14:01
2021/G003/000196	XUSTIFICACIÓN DO TÉCNICO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DEPUTACIÓN 2.020	000219/2021	09-04-2021 14:00
2021/G003/000230	SOLICITUDES CARREIRA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL	000220/2021	09-04-2021 14:45
2021/G003/000228	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 14, 15 E 16 DA OBRA: REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA. POS+2018.	000221/2021	12-04-2021 13:12
2021/G003/000235	SINISTRO VEHÍCULO MATRÍCULA 4010-CXZ	000222/2021	13-04-2021 12:01
2021/G003/000186	XUSTIFICACIÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS. AXUDA DEPUTACIÓN 2.020	000223/2021	13-04-2021 12:43
2021/G003/000233	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA O EXERCIZO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (IDAE 2019) "	000224/2021	13-04-2021 12:43
2021/G003/000238	MODELO 111, IRPF, MARZO 2021	000225/2021	14-04-2021 14:09
2021/G003/000123	RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN JUAN PEDRO SALVADORES PENA FRONTE DECRETO Nº 771/2020, DO 29 DE DECEMBRO (LIÑA AXUDAS AUTONOMOS/AS FRONTE COVID-19)	000226/2021	14-04-2021 18:36
2021/G003/000122	RECURSO DE REPOSICIÓN DONA VICTORIA E. FEAL NOCHE FRONTE DECRETO Nº 771/2020, DO 29 DE DECEMBRO (LIÑA AXUDAS AUTONOMOS/AS FRONTE COVID-19)	000227/2021	14-04-2021 18:36
2021/G003/000120	RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN FRONTE DECRETO DA ALCALDÍA Nº 771/2020, DO 29 DE DECEMBRO (LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓMOMOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME) -REY SAAVEDRA MARIA CARMEN-	000228/2021	14-04-2021 18:37
2021/G003/000239	PRESCRICIÓN DE DEREITOS PENDENTES DE COBRO	000229/2021	14-04-2021 18:38
2021/G003/000198	Tramitación de Decretos TESOURERIA - APROBACION PADRON AUGA 4 TRIMESTRE 2020	000230/2021	14-04-2021 18:38
2021/G003/000223	Tramitación de Decretos TESOURERIA - EXPEDIENTE DE PADRÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2020.ADO. (Expediente:	000231/2021	14-04-2021 18:38



	2021/X998/000026 - 2021/G003/000198)		
2021/G003/000231	APROBACIÓN AXUDAS SOCIAIS PERSOAL LABORAL E FUNCIONARIO, ANOS 2015 E 2016.	000232/2021	14-04-2021 18:39
2021/G003/000229	AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL	000233/2021	15-04-2021 15:38
2021/G003/000241	RECTIFICACION DECRETO IRPF MARZO 2021	000234/2021	16-04-2021 12:34
2021/G003/000220	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA CULTURA NA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE PONTEDEUME. LER CONTA MOITO.2021.	000235/2021	16-04-2021 12:34
2021/G003/000218	SOLICITUDE DE COPIA DA LICENZA MUNICIPAL DO BAR BRASIL	000236/2021	16-04-2021 12:36
2021/G003/000225	ESTIMACIÓN DE ALEGACIONES EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO DR 19468 /2020	000237/2021	19-04-2021 13:37
2021/G003/000227	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000022083	000238/2021	19-04-2021 13:36
2021/G003/000245	AUTORIZACIÓN DE ASESORAMIENTO TÉCNICO PARA LA VALORACIÓN DE LA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA PRESENTADA EN EL PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN "ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (IDAE 2019)" (Expediente: 2020/C005/000001)	000239/2021	20-04-2021 11:59
2021/G003/000250	ACUMULACIÓN POSTO TESOUREIRA DONA SONIA CORRAL CORRAL	000240/2021	21-04-2021 10:11
2021/G003/000254	Convocatoria da Sesión Ordinaria da Comisión Informativa de Asuntos Económicos e Facenda do 26/04/2021	000241/2021	21-04-2021 13:04
2021/G003/000255	Convocatoria da Sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local do 22/04/2021	000242/2021	21-04-2021 13:33
2021/G003/000256	Convocatoria da Sesión Ordinaria da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno do 26/04/2021	000243/2021	21-04-2021 14:14

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións, D. José Simoes Couceiro, en Pontedeume, na data sinalada na marxe"

Os membros/as presentes **TOMAN RAZÓN**

10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES

Non se presentou ningunha moción urgente.

11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

El Grupo Municipal del Partido Popular, en la Corporación Municipal de Ponte deume, presenta para el Pleno del mes de abril del año 2021 los siguientes ruegos:

-Rogamos se pongan en contacto con la Diputación para que rebajen la acera de la entrada a la vivienda en Boebre 128, las ambulancias no pasan. No entendemos porque unas entradas hacen ola y otras no.

-Rogamos mejoren la visibilidad del semáforo frente al Banco Santander, la señalización vertical la tapa la farola y la planta. El semáforo se colocó más metido a la acera.

-Rogamos limpien las hierbas de las aceras de Ricardo Sánchez, Boebre y N-VI

- Rogamos hagan los trámites necesarios para cortar los árboles que hay a la altura del matadero de Centroña (los camiones y autobuses siguen tocando en ellos)

- Rogamos hagan los trámites necesarios para podar las tuyas que hay en las aceras de la N-VI subiendo hacia la urbanización olmo

- Rogamos rebajen la acera de la plaza de minusválidos de la c/ porto

- Rogamos instalen bolardos en la rampa de acceso en la esquina de la Rúa Betanzos con la plaza.

El Grupo Municipal del Partido Popular, en la Corporación Municipal de Ponte deume, presenta para el Pleno del mes de abril del año 2021 las siguientes preguntas:

1- ¿Por qué no están habilitadas las pistas de pádel y 3x3?

2- ¿Cuándo finalizan las obras de ampliación de la guardería? ¿Cuándo será la inauguración?

3- En este mes se han cambiado los semáforos de la entrada al municipio.

Hace poco tiempo fue cambiado uno por motivo de un accidente por lo que uno era nuevo y el funcionamiento era bastante óptimo para la circulación

¿Era necesaria esa compra?

¿Cuál fue su coste?

¿Tuvo alguna subvención ese cambio?

Aprovechando el cambio....

¿Por qué no se pensó en un tipo de semáforos para usuarios para discapacidad visual?

4- ¿Por qué no se quitaron las luces de navidad del mercado?



5- ¿Tienen algo pensado para la feria medieval?

6- Con respeto a la cafetería que estaba prevista poner en el paseomarítimo.

¿Todavía se sigue apostando por ese proyecto?

¿Cuál va ser el proceso para su adjudicación y cuándo sería?

7- El 24 de abril entró en vigor nuevas medidas por parte de la Xunta de Galicia con respecto a los mercadillos y ferias. Los expertos autorizan a incrementar la cifra de participantes cumpliendo todas las medidas sanitarias posibles, mascarilla, distancia entre puestos, puntos con hidrogel y vigilancia para que se cumplan todas las medidas citadas anteriormente.

En anteriores plenos se le ha preguntado sobre esto y han recalado que estaban en ello y sería con la reapertura del mercado.

En este momento el mercado ya funciona y el feirón lleva más de un año sin funcionar ni poco ni mucho.

¿Para cuándo?

¿Son conscientes de que supuesta en marcha sería una ayuda para la mejora de la economía del comercio del pueblo?

8- Plan reactiva ¿Por qué no se puede solicitarla ayuda del plan reactivade la diputación si ya se solicitó la primera?.

As respostas entregadas ás preguntas do Partido Popular foron as seguintes, segundo se remiten polo voceiro do grupo de goberno:

1. Está a terminarse de adaptar os diferentes accesos á instalación e nos próximos días terá lugar a recepción da obra.

2. Tal e como se lles explicou en varias ocasións, as obras da de reforma e ampliación da Escola Infantil non foron contratadas polo Concello, senón polo Consorcio de Igualdade e Benestar, dependente da Xunta de Galicia, polo que sería máis lóxico trasladar esta pregunta a ese organismo. Dito isto, o que se nos traslada é que as mesmas non tardarán en estar finalizadas, estando actualmente rematando a montaxe da pérgola que une ambos.

3. Con motivo das constantes avarías que viñan sucedendo durante os últimos meses, o custo de reparación das devanditas avarías supoñía un alto custo para as arcas municipais, ademais dos problemas de seguridade que xeraba tanto a vehículos como a peóns. Devanditos problemas tamén nos foron trasladados por parte da Policía Municipal e numerosos veciños e veciñas de Pontedeume.

O orzamento ascende a 17.895,90€ e contempla a subministración e posta en funcionamento dos semáforos de entrada ao casco e os da Avenida da Coruña que se situarán en fronte ao CPR San José "A Grande Obra de Atocha" dando resposta a unha demanda histórica da comunidade educativa.

A obra está sen finalizar e contempla tanto o indicador de tempo como o avisador acústico

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4. A iniciativa de decoración luminosa do Mercado Municipal forma parte das accións realizadas para a conmemoración do 750 aniversario como é a instalación do cartel luminoso que se atopa na fachada do Torreón e que permanecerá instalado durante todo o presente ano.

A iluminación do Mercado tamén permanecerá instalada ata a mesma data para ser utilizada en eventos ou datas sinaladas en caso de que as condicións sanitarias permitan a súa celebración.

5. Debido á situación sanitaria actual e ás medidas de distanciamento aprobadas polas para garantir o mantemento da distancia de seguridade reducindo o risco que supón o contacto físico. A celebración desta feira ten un carácter multitudinario, por tanto a súa celebración dependerá da evolución das medidas que se adopten por parte da Consellería de Sanidade, organismo que ostenta as competencias nesta materia.

6. Evidentemente séguese apostando por el e a adxudicación farase conforme ao establecido na Lexislación vixente, cun proceso similar ao que se realizou recentemente cos postos do mercado.

A data dependerá da finalización das obras, e o inicio destas, das autorizacións sectoriais que se están tramitando.

7. En primeiro lugar, tanto as antigas coma as novas medias aprobadas pola Xunta a este respecto, descargan toda responsabilidade sobre o que poida suceder a efectos sanitarios una vez reiniciados eses mercadillos, nos Concellos; desentendéndose polo tanto das consecuencias de tal decisión.

Así mesmo, hai que ter en conta que a pesares de que hai Concellos que decidiron reiniciar ese tipo de actividade, outros moitos non o fixeron. Neste senso, tampouco podemos obviar que foron moitos os que tras o seu inicio, e ante a imposibilidade de poder garantir todas as medidas sanitarias, decidiron suspendelos, algún deles na nosa contorna. Basta con acudir aos medios de comunicación para comprobalo.

Cabe lembrar ademais, que non hai moitas semanas que o comité clínico decidía aplicar á nosa Vila o nivel máximo de restricións dado o elevado número de casos COVID acumulados. Qué tería pasado nese momento, tal e como solicitaban vostedes meses atrás, houbéramos iniciado a actividade do Feirón? Con esta pregunta o que se pretende é que teñan vostedes en conta que estamos a padecer unha pandemia que se está a cobrar a vida de milleiros de persoas, e que conxugar a protección da saúde dos nosos veciños e veciñas coa actividade económica, social, cultural, etc; está a ser tremendamente difícil, posto que se trata dunha situación moi cambiante que en cuestión de días pode mudar radicalmente.

En todo caso, recordamos que o cumprimento do protocolo necesario para a súa celebración debe garantir o mantemento da distancia de seguridade, a priorización dos postos de produtos alimentarios (recordamos que no coñecido Feirón a gran porcentaxe era de postos de téxtil onde o protocolo de seguridade aínda é máis estrito), a utilización de medidas alternativas de protección física, a posta en disposición de dispensadores de xel hidroalcohólico, a realización dunha limpeza e desinfección das instalacións ou evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes, xesto moi frecuente sobre todonos postos de téxtil, etc.



Tal e como se lles trasladou en varias ocasións, estase a traballar para poñer en marcha esta actividade, pero o seu inicio dependerá da evolución da situación sanitaria así coma das garantías de cumprimento de todas as medidas de control. Tendo en conta que tras varios días sen casos, estes volveron a subir na nosa Vila e bisbarra ao longo das últimas dúas semanas, preferimos optar pola prudencia, máxime se temos en conta as características deste tipo de actividade.

8. Se se fai referencia ao programa PEL-REACTIVA do Programa Específico de apoio á hostalería e axencia de viaxes o prazo de presentación de solicitudes se inicia o 3 de maio de 2021 tal como indican as bases publicadas o pasado 20 de abril. Neste caso, aclaramos, que a tramitación deste novo programa de axudas tramitárase directamente coa Deputación da Coruña.

Se se fai referencia ao que son os criterios de exclusión non admiten a solicitude por parte de persoas que foran beneficiarias das axudas PEL-REACTIVA remitímoslles ao apartado de exclusión na Base 3 das bases do programa mencionado.

Rocío Souto e Luís Pena, en calidade de concelleir@s do BNG do concello de Pontedeume en aras de mellorar a calidade democrática e a participación cidadá na toma de decisións e para o bo funcionamento en transparencia da acción do goberno, solicitan que se lles de resposta á seguintes:


PREGUNTAS:

1. SEMÁFORO. Cal foi o coste total da instalación do semáforo (material e man de obra) ? Cando funcionará o pulsador ? Está previsto renovar os outros do semáforos, na Alameda e na Ponte? Por que non se instalou un indicador de tempo e un avisador acústico ?
2. SAN NICOLÁS. Fai moitos meses que o San Nicolas da igrexa de Santiago está sen cabeza. E segue sen arranxarse. Que medidas concretas tomaron para arranxalo ? Cal é o orzamento ? Cal é o prazo previsto para que a estatua sexa reparada ?
3. AXUDAS Á HOSTALARÍA (i). Nas novas axudas á hostalaría modificarán as bases tal e como lles solicitou o BNG para evitar que moitos receptores da axuda queden sen ela debido a un conflito na normativa entre o domicilio fiscal e o domicilio do establecemento ? Ou persistirán vostedes no erro ??
4. AXUDAS Á HOSTALARÍA (ii). Aumentar en 10.000 euros as axudas ao colectivo da restauración, bares e hostalaría é unha cifra ridícula. En total serán uns 60.000 euros este ano, que podería ser comparable ao que dedica o Concello ás festas das Peras. E mentres pretenden dedicar 500.000 euros a obras varias. É este o momento de ser avaros (=faltos de xenerosidade) cun sector tan importante na nosa Vila ?
5. RAMIRO FONTE. Cal é a participación do Concello na Comisión que anuncia na súa rede social ? Está representado o concello na Comisión ? Por que non se fixo un acto público debidamente promocionado para esta constitución ? Que designou aos membros da comisión ?
6. IES BREAMO. Tomará algunha medida o Concello para evitar que a Xunta nunha medida imposta, improvisada, sen ser acordada coa comunidade educativa (ANPAS...) e sen un proxecto concreto, axustado á realidade e sen recursos suficientes incrementando o alumando do IES BREAMO nun 43% xa para o próximo curso ?? Cre o concello que este proxecto de modificación (supresión dun centro educativo de ensino secundario e bacharelato) ten por obxectivo aumentar os desdobres para optimizar a docencia individualizada dos nenos e nenas e que redundará nunha mellora da atención á diversidade ??

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7. LOCAIS DE ENSAIO. A súa xestión dos locais de ensaio é pésima. Cal é a inversión prevista durante este ano 2021 para mellorar estes locais ? Con que equipamento mínimo deberían de dotarse os locais para o seu uso común por parte dos grupos ?

8. HEMEROTECA. Denunciaba vostede en marzo do 2015 as contratacións irregulares por parte do goberno do PP eumés, así como servizos que eran realizados por empresas sen concurso público (“a dedo”) ou prorrogando de forma indefinida contratos xa vencidos. Estes contratos sumaban arredor, segundo vostedes mesmos, arredor de 400.000 euros anual. Sinalaban tamén que se estaba a vulnerar a Lei de Contrato do Sector Público. Todo o antedito é unha transcripción case literal das súas verbas no 2015. Cal foi o montante total de gasto do último ano, 2020, en servizos sen contratos ou con contratos xa vencidos ??



9. NORMATIVA. Que normativa dependente do concello foi modificada no último ano para facilitar os negocios de hostalaría durante a actual crise económica derivada da pandemia ?

10. FEIRÓN. O sector da venda ambulante veu reducida drasticamente a súa actividade. En moitos concellos xa levan tempo funcionando os “mercadillos”. A Xunta de Galicia xa autoriza a colocación do 100% do postos naqueles con menos de 150 postos. ¿Cando vai a funcionar ao 100% o Feirón de Ponte deume ??

As respostas entregadas ás preguntas do Bloque Nacionalista Galego foron as seguintes, segundo se remiten polo voceiro do grupo de goberno:

1. O orzamento ascende a 17.895,90€ e contempla a subministración e posta en funcionamento dos semáforos de entrada ao casco e os da Avenida da Coruña que se situarán en fronte ao CPR San José “A Grande Obra de Atocha” dando resposta a unha demanda histórica da comunidade educativa.

Como xa se informou, este é o comezo para a renovación progresiva de toda a rede semaforizada do municipio, dependendo nalgúns casos das autorizacións sectoriais dos distintos organismos, xa que non son as mesmas en todos os casos.

Como poden ver, a obra aínda está sen rematar e sí que contempla tanto o indicador de tempo como o avisador acústico.

2. Contactouse cun restaurador para a realización deses traballos, que necesitan dun estudo, proxecto e protocolos previos ao inicio dos mesmos que debe ser remitido a Patrimonio para o seu informe e autorización. Actualmente este persoal está a elaborar o mencionado documento que se prevé estea listo ao longo das próximas semanas. Segundo se nos trasladou, o orzamento dese arranxo da restauración dependerá das indicacións contempladas na resolución de Patrimonio, organismo competente nesta materia.



3. Como xa lle reiteramos noutras ocasións, non foi un criterio establecido polo Concello de Pontedeume senón pola Deputación da Coruña a través dunha circular remitida aos concellos. O concello simplemente fixo unha aclaración a niveis informativos e aclaratorios.

Á vista dá reiteración desta pregunta están vostedes a confundir, deliberadamente ou non, as axudas postas en marcha polo Concello e as correspondentes co PEL Reactiva da Deputación. As axudas financiadas en exclusiva polo Concello, non xeraron ningún conflito relacionado co domicilio fiscal. Foron as correspondentes ao PEL Reactiva da Deputación, as que tal e como se lle informou a vostedes xa en varias ocasións, contemplaban a obrigatoriedade de solicitar a achega no Concello onde se ten o domicilio fiscal.

As bases destas axudas, as do PEL Reactiva, non son elaboradas nin aprobadas polo Concello, senón que é a Deputación quen as redacta e aproba, polo que tendo en conta que o BNG forma parte do Goberno da Deputación, non estaría de máis que trasladen esta proposta aos seus compañeiros que ostentan a Vicepresidencia desta administración.

Dito isto, o feito de que a Deputación nas súas bases decidira finalmente a obrigatoriedade de solicitar a achega no Concello onde tense domicilio fiscal, non tería por que orixinar que ningún receptor quedara sen ela por este motivo, bastaría con tramitar a axuda nese Concello.

4. En primeiro lugar fan vostedes unha afirmación que nada ten que ver coa realidade, posto que aseguran que as axudas a hostalería para o presente ano serán en total de 60.000 euros. Cando estamos aínda no mes de abril, e tal e como dixemos, haberá varias liñas de axuda municipais, non só unha, ao longo do 2021 polo que esa cantidade verase incrementada. A intención do Goberno Local é aprobar un novo modificativo de crédito tras o verán, para habilitar unha nova liña de achegas, a terceira dende o inicio da pandemia.

Así mesmo, cabe destacar que a estas axudas, debemos engadir a suspensión da ordenanza fiscal das terrazas, o que supón como mínimo outros 22.622€ anuais, da que se benefician un número importante de establecementos.

Non é o Concello o que decidiu pechar a hostalería, nin aplicarlles restricións de aforo interior e exterior; foi primeiramente o Estado e despois a Xunta que tomou esas decisións; e aínda así fomos das primeiras administracións en poñer en marcha liñas de axudas para estes colectivos elaborando e aprobando unhas bases que serviron de guía para outros concellos da nosa bisbarra e provincia. Iso por non falar de que se comparamos os orzamentos municipais cos da Xunta, por poñer un exemplo, adicamos a este fin unha porcentaxe maior dos nosos orzamentos que ou que adica a administración autonómica.

Aínda así, somos plenamente conscientes de que calquera axuda é insuficiente para paliar as perdas deste sector, pero debemos lembrar que non se pode cargar só nas administracións locais a necesidade de poñer en marcha este tipo de mecanismos, posto que sería tremendamente inxusto por sermos a administración que menos recursos ten e que está asumindo un importante volume de gastos derivados da pandemia, así coma unha diminución dos seus ingresos.

Ademais, compre salientar que por desgraza, as consecuencias tanto sanitarias, como sociais e económicas da pandemia, debemos engadir todas as necesidades de mellora, dotación e implantación de infraestruturas e servizos que tiña antes da COVID e segue a ter na actualidade o noso Concello, e que seguen a ser demandadas a día de hoxe polos veciños e veciñas.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

No modificativo ao que fan vostedes referencia, e que habilita unha partida para incrementar a segunda liña de axudas, están incluídas obras que son necesarias e urxentes, e que están a ser solicitadas pola veciñanza. Dende a renovación dun tramo da rede de pluviais en Ventosa que debido á situación na que se atopa está a xerar o afundimento do camiño, ata as obras de humanización na Praza Mestre Álvaro Vázquez Penedo e rúa Río Eume, que permitirán entre outras cousas, dar solución aos problemas de accesibilidade que teñen varios edificios da zona e que están a xerar grandes dificultades para acceder ás súas vivendas a unha serie de veciños con discapacidade física, así coma para tentar evitar o asolagamento de sotos e garaxes que veñen padecendo dende hai moitos anos; pasando pola pavimentación do camiño de Paredes, un vial de terra que nas épocas de choiva queda case impracticable, dificultando considerablemente ou acceso a varias vivendas e impedindo a chegada dos servizos de emerxencia ante un accidente, un enfermo ou unha situación de perigo; entre outras.

Así mesmo, habíltanse máis fondos para a compra de terreos que serán adicados maioritariamente para zonas de aparcamento, unha demanda histórica do comercio e hostalería da nosa Vila, e que tamén inflúe de maneira indirecta na economía tanto dese sector coma do Concello.

Todas estas medidas veñen complementar todas aquelas accións e iniciativas levadas a cabo desde o comezo da crise sanitaria como foron; inserción en prensa, radio e televisión para promocionar o comercio e a hostalería local como destino seguro, elaboración de vídeos promocionais, creación de imaxe corporativa “nunca estivemos tan preto, merca na casa” ou repartición de EPIS entre os distintos establecementos do municipio.

5. O Concello de Ponte deume como non podía ser doutro xeito, participa nesta iniciativa que pretende chegar á mesa da RAG para a designación do Día das letras galegas a Ramiro Fonte co seu apoio tanto económico como de difusión das actividades e do manifesto que a de redactar dita comisión e non forma parte da mesma por un principio de independencia que estimamos imprescindible para acadar os máximos apoios posibles á marxe de criterios que non señan os puramente literarios e de recoñecemento a obra e á figura de Ramiro Fonte.

Os membros da Comisión “Letras galegas para Ramiro Fonte”, foron propostos entre si facendo o Concello unicamente de nexo de unión e presentación entre os mesmos, dado que algúns deles non se coñecían persoalmente.

Habendo nomes que soaron como posibles membros da Comisión pero que finalmente non forman parte da mesma por diferentes motivos pero que amosaron igualmente o seu apoio a esta proposta unha vez estea botada a andar, finalmente a comisión reuniuse na Casa do Concello o pasado venres 23 de abril de maneira presencial a primeira vez. Foi esta unha primeira reunión de traballo moi frutífera que culminou coa redacción da acta de constitución que amosamos nas redes sociais.

Solicitamos novamente que se deixe de empregar a figura de Ramiro Fonte como arma para a confrontación política por ser a mínima expresión de respecto que merece a súa persoa e obra e que deixen traballar tanto a Comisión recentemente formada como ao Concello de Ponte deume, que a apoia na súa labor.



Esta Comisión, a través do seu traballo tentará acadar o maior número de apoios posible, tanto no ámbito cultural, social, empresarial, educativo, etc.

6. Partimos unha vez máis e como xa se lles temos indicado en anteriores ocasións de que en materia educativa os Concellos non teñen ningunha competencia e polo tanto as decisións executivo-organizativas dá xestión dous centros corresponden á Consellería de Educación da Xunta de Galicia .

Dito isto, e como xa lles trasladamos tamén anteriormente, na reunión mantida entre a Consellería de Educación, a Xefatura Territorial, a Inspección educativa ,os representantes dos dous centros e este Concello, pola nosa banda insistimos na necesidade de que se garantisen e adoptasen tódalas medidas necesarias tanto para garantir a calidade educativa, coma para o cumprimento dos protocolos covid(distanciamento, ventilación, espazos,...) e das ratios de alumnado por aula; e en todas estas reunións recibimos por parte dos representantes da administración autonómica o compromiso de adicar os fondos necesarios para que así fose.

Cremos que a creación dun centro integrado de hostalería e turismo e a incorporación dos ciclos superiores de Axencias de Viaxes e Xestión de eventos e o ciclo de Xestión de aloxamentos turísticos ven a mellorar non só a oferta educativa do Fragas do Eume (un centro de referencia na actualidade a nivel autonómico non seu ámbito) senón tamén a oferta educativa da nosa Vila e bisbarra

Este Concello comprométese, unha vez máis, tal e como sempre se comprometeu , a velar pola mellora da oferta educativa e as condicións de acceso a educación de todo o alumnado da totalidade dos niveis de ensino da nosa vila, Infantil, Primaria, Secundaria e FP. A día de hoxe cóstanos que as direccións dos dous centros apoian esta medida e non temos ningún dato que contradiga o compromiso que a Consellería de educación adquiriu con estes centros e o Concello. De non ser así, e non cumprirse co prometido, adoptaremos todas as medidas que dentro das nosas competencias sexan necesarias para esixir o seu cumprimento.

7. Unha vez máis as súas afirmacións nada teñen que ver coa realidade. Lembrámoslles que foi este goberno o que mellorou esas instalacións, renovando todas as fiestras, que á nosa chegada ao Goberno eran de madeira e nin illaban do son nin do clima, por non falar dunha porta de entrada de madeira, podre e cunha pechadura do máis simple, o que non garantía a seguridade do material que había no interior, iso por non falar de mobles rotos, lixo, etc. Así mesmo, procedeuse á mellora de todos os locais, co pintado dos mesmos, así coma coa instalación de elementos de insonorización. Tamén se reparou e pintou a fachada exterior do edificio, así coma o local do baixo.

Cabe lembrar que nesa situación deplorable se atopaban os locais de ensaio feitos polo seu partido cando estaba no Goberno Municipal... que non tivo a ben nin cambiar as fiestras dos mesmos cando decidiu poñer en marcha ese servizo.

Respecto a as actuacións levadas a cabo neste ano, procedeuse á limpeza e acondicionamento exterior da zona de acceso ao local; así mesmo, habilitarase unha zona no baixo do edificio para que os grupos poidan gardar ou almacenar o seu material con seguridade e así dispoñer de máis espazo na zona de ensaio.

Sobre o equipamento mínimo desas instalacións, o que hai na actualidade é o que legalmente se nos permite por parte dos servizos económicos do Concello.

8. O 90% dos contratos que hai a día de hoxe prorrogados no noso Concello veñen da etapa anterior. A diferenza daquela época, este Goberno ten redactados unha parte importante dous

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

pregos, que por desgraza, dada a sobrecarga de traballo dos distintos departamentos non puideron ser informados aínda. Este último feito debese á falta de persoal, froito dunha limitación á contratación que non existía cando eses contratos expiraron entre vos anos 2007 e 2011.

Así mesmo, denunciábase a contratación de empresas que colaboraban nas campañas electorais do grupo que naquel momento estaba no goberno, ou o despedimento de persoal por parte dalgũa empresa contratada de forma irregular, para contratar posteriormente a familiares dos membros do Goberno.

Ningunha destas situacións danse a día de hoxe, polo que comparar unha coa outra é un exercicio de falta de memoria.

Este goberno está a dar os pasos necesarios para incorporar persoal, como por exemplo, a aprobación da oferta de emprego público do ano 2021 que permitirá contar cun técnico/a de administración xeral e un técnico/a de xestión dedicados a resolver a problemática existente.

9. Non entendemos a que se refire con esta pregunta. Agradeceríamos que o aclare para poder darlle unha resposta.

10. En primeiro lugar, tanto as antigas coma as novas medias aprobadas pola Xunta a este respecto, descargan toda responsabilidade sobre o que poida suceder a efectos sanitarios unha vez reiniciados eses mercadillos, nos Concellos; desentendéndose polo tanto das consecuencias de tal decisión.

Así mesmo, hai que ter en conta que a pesares de que hai Concellos que decidiron reiniciar ese tipo de actividade, outros moitos non ou fixeron. Neste senso, tampouco podemos obviar que foron moitos vos que tras ou seu inicio, e ante a imposibilidade de poder garantir todas as medidas sanitarias, decidiron suspendelos, algún deles na nosa contorna. Basta con acudir aos medios de comunicación para comprobalo.

Cabe lembrar ademais, que non hai moitas semanas que o comité clínico decidía aplicar á nosa Vila ou nivel máximo de restricións dado ou elevado número de casos COVID acumulados. Que tería pasado nese momento se tal e como solicitaban vostedes meses atrás houbéramos iniciado a actividade do Feirón? Con esta pregunta ou que se pretende é que teñan vostedes en conta que estamos a padecer unha pandemia que se está a cobrar a vida de milleiros de persoas, e que conxugar a protección da saúde dúas nosos veciños e veciñas coa actividade económica, social, cultural, etc; está a ser tremendamente difícil, posto que se trata dunha situación moi cambiante que en cuestión de días pode mudar radicalmente

En todo caso, lembramos que o cumprimento do protocolo necesario para a súa celebración debe garantir o mantemento da distancia de seguridade, a priorización dos postos de produtos alimentarios (lembramos que no coñecido Feirón a gran porcentaxe era de postos de téxtil onde o protocolo de seguridade aínda é máis estrito), a utilización de medidas alternativas de protección física, a posta en disposición de dispensadores de xel hidroalcohólico, a realización dunha limpeza e desinfección das instalacións ou evitar a manipulación directa dos produtos por parte dous clientes xesto moi frecuente sobre todo nos postos de téxtil.



Por outra banda, lembramos que ou pasado ano, mantívose unha reunión cos antigos vendedores autorizados onde nos atopamos nunha situación na que non cumpríanse os requisitos legais esixibles legalmente.

Tal e como se lles trasladou en varias ocasións, estase a traballar para poñer en marcha esta actividade, pero o seu inicio dependerá da evolución da situación sanitaria así coma das garantías de cumprimento de todas as medidas de control. Tendo en conta que tras varios días sen casos, estes volveron a subir na nosa vila e bisbarra ao longo das últimas dúas semanas, preferimos optar pola prudencia, máxime se temos en conta as características deste tipo de actividade..

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións, levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que da fe.